

Praza número: 18/1101

Número de prazas: 1

Categoría: Axudante doutor/a

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Dereito do Traballo e Seguridade Social

Departamento: Dereito Público

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Ciencias do Traballo

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

E que a concursante que figuraba en primeiro lugar non formalizou o contrato correspondente e o outro aspirante renunciou á praza.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve declarar **concluído o procedemento e deserta a praza**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	ahcynoje500ERp8Vfeietw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	10/01/2025 14:40:33
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ahcynoje500ERp8Vfeietw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

